


PI (FE NO CAOS)



TÍTULO ORIXINAL *Pi: Faith in Chaos*

ANO 1998

DURACIÓN 85 min.

PAÍS

DIRECTOR [Darren Aronofsky](#)

GUIÓN Darren Aronofsky

MÚSICA Clint Mansell

FOTOGRAFÍA Matthew Libatique (B&W)

REPARTO [Sean Gullette](#), [Mark Margolis](#), [Ben Shenkman](#),
[Samia Shoaib](#), [Pamela Hart](#), [Ajay Naiou](#), [Joanne Gordon](#), [Stephen Pearlman](#)

PRODUCTORA Harvest Film Works Truth & Soul / Planttain Films

As contas claras, por Ismael Alonso



Fai xa moito que o cinema independente *made in USA* abandonou o seu espírito emprendedor para seguir sendeiros máis lucrativos. As antigas pequenas produtoras decoran na actualidade as vitrinas das maiores de sempre e no patio de butacas do Festival de Sundance os executivos pegados ós seus teléfonos móbiles e ás súas chequeiras son hoxe a maioría. Para atopar novas ideas, para volver a sentir o risco posto en ideas tan escintilantes como suicidas ou para toparse co talento hai que mirar máis abaixo. O herdeiro da antiga lucidez é un novo cine case no límite do underground. Son as películas producidas a base de sablazos e esmolos, montadas nos ratos libres cunha moviola alugada e interpretadas por amiguetes e familiares as que recollen o relevo deste cine sen inhibicións, tan debedor dos produtos clásicos como rexenerador dos traballos máis contaxiados pola febre da taquilla. Dous exemplos chegaron ata nós en pouco tempo, primeiro foi a magnífica "O proxecto da meiga de Blair" e logo foi "Pi" de Darren Aronofsky.

"Pi" é eloxiable por moitos motivos e o primeiro deles é recoñecer a temeridade do seu creador á hora de por en imaxes un tema, a priori, tan árido como o poidan ser as relacións dun matemático desequilibrado co medio que o rodea e a súa progresiva e irremediábel obsesión coa teoría dos números. Aronofsky atopa o contrapunto ao arriscado da trama empregando o medio máis achegado ó espectador: dando á súa obra aspecto de thriller de ciencia ficción (co que compón unha excelente parella con "Cube", outra gran película de mínimo presuposto).

Así, combinando esquemas narrativos que poderíamos cualificar de clásicos con secuencias alucinatorias achegadas á introspección onírica, o resultado é unha película cautivadora, cargada de simbolismos e plena de lecturas. O protagonista de "Pi" vive entre dous universos e non se decide por ningún pois aspira á contemplación da verdade en forma de cifras. A Matemática é para el o seu mundo e desdeña tanto a visión terreal (o seu vecindario, os ávidos corredores de bolsa) como a espiritual do asunto (os cabalistas).

"Pi" é unha película pragada de imaxes evocadoras e que logra reflectir de forma maxistral unha existencia enfermiza, obsesiva e autodestructiva plasmada nun contundente branco e negro e acompañada dunha banda sonora que, combinada coas

imaxes, funciona coma un fármaco sónico. É certo que algúns episodios son tratados de forma algo esperpéntica e que non todo o público entra no xogo que propón o seu director. A algúns, "Pi" pareceralles un exercicio de simpática pedantería, pero polo que a mín respecta supón afondar na busca de explicacións alternativas á realidade.

Darren Aronofsky, axudado pola interpretación de Sean Gulleto, consegue aquí un retrato achegado á representación da violencia psíquica e que plantexa a non por sabida menos interesante teoría da perda de coñecemento, a estulticia case, como método para alcanzar se ben non a perfección, sí a felicidade. Por certo: 3,1415926535... un número tan infinito e irracional como a imaxinación do home.

Entre a fe e a numeroloxía

publicado o 27/10/199 en fotograma.com

Pi é o notábel debut do director Darren Aronofsky no plano profesional, un tecno-thriller de baixo presuposto, no que se mestura a mística hasídica coa fascinante teoría do caos. A ciencia ficción e a numeroloxía, as finanzas e a Cábala xudía. A fe e as matemáticas.



Cunha perspectiva visual próxima a *Eraserhead* (de Cronenberg), a historia, composta por Aronofsky e Gulleto, trata sobre un mozo matemático, Max, que vive soamente coa súa computadora nun amoreado departamento de Manhattan. Logho dun obsesivo e minucioso estudio, cre posíbel predecir as fluctuacións da bolsa cunha fórmula matemática que a súa supercomputadora Euclides é capaz de desenvolver. Pero as boas intencións poden ser torcidas polo brazo do destino. Un rabino decátase do coñecemento que Max max, e comparte un segredo con el. Max informase de que a súa ansiada descuberta ten connotacións místicas. Os números manexan o mundo. Os mesmos códigos numéricos que serven para anticipar o zigzag da bolsa serven para decodificar as claves encriptadas nos textos sagrados. Algo que pode ser tan revelador como devastador. O feito devóralle o cerebro. Sofre migrañas que o atormentan tanto como as implicacións do seu descubrimento. A relación cos xudeus ortodoxos non é doada. A obsesión da hoste hasídica por recuperar un coñecemento que se lles escapa da sangue lévaos ó borde da crueldade. Max padece a imperiosa necesidade por coñecer, novamente a súa única saída será Euclides.



É interesante destacar que Aronofsky coñeceu e tomou contacto directo cunha secta hasídica en Xerusalén, que cría precisamente nesta teoría. Investigando un pouco, as probas amosan que as crenzas nos números coma dispositivos codificadores de verdades non reveladas son tan antigas como a relixión. É ciencia ficción, pero non de fulgurantes efectos especiais, senón máis relacionado con *Mad Max* que con raios láser.

Executando unha imponente estética expresionista de posguerra, en branco e negro, e escasos recursos económicos, unha fotografía abraiante, unha música forte e precisa, Aronofsky consegue desprenderse da media e lograr un produto particular e de calidade. Por momentos as imaxes son tan contundentes no formal e no narrativo que un non deixa de ilusionarse con respecto ó futuro do cine. Algúns fai tempo xa se deron de conta desto. No 1998, Aronofsky gañou o premio como "mellor director" no Festival de Sundance pola súa labor en *Pi*.